



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Refer.: PCO.001.2022.00694

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E O PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUN EQUIPO MÓBIL INTEGRADO GNSS (SISTEMA GLOBAL DE NAVEGACIÓN POR SATÉLITE; EN INGLÉS GLOBAL NAVIGATION SATELLITE SYSTEM) CON CONTROLADORA PARA TOPOGRAFÍA, CON DESTINO AO SERVIZO DE VÍAS E OBRAS, CÓDIGO EXPEDIENTE PCO.001.2022.00694

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña:

RESOLVO:

1. Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares asinado polo Servizo de Patrimonio e Contratación con data 17/03/2023 e o Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Servizo de Vías e Obras con data 14/02/2023, para contratar a subministración dun equipo móbil integrado GNSS (Sistema Global de Navegación por Satélite; en inglés Global Navigation Satellite System) con controladora para topografía, con destino ao Servizo de Vías e Obras, nas seguintes condicións:

1.1. Información del contrato

1.1.1. Tipo de contrato: Subministración

1.1.2. Procedemento: Aberto con múltiples criterios de valoración

1.2. Orzamento: 27.225,00 € IVE incluído

1.3. Valor estimado: 22.500,00 €

1.4. Prazo de execución: Un mes a partir do día seguinte á formalización do contrato en documento administrativo.

1.5. Financiamento: O contrato poderá financiarse con cargo á aplicación orzamentaria 0410/4501/62301, RC nº operación 220220057264.

A Deputación provincial da Coruña é propietaria do equipo usado que se indica a continuación, cuxa valoración é de 1.000,00 euros.

Identificación do equipo GPS (Sistema de Posicionamiento Global; en inglés, Global Positioning System)

Marca **LEICA**

Modelo **GS15**

Número de serie **1510730**

Identificación controladora

Marca **LEICA**

Modelo **CS15**

Número de serie **2537663**

Data de adquisición **03/07/2012**

Código de inventario **5709**

Os licitadores poderán ofertar a recollida do equipo usado, de forma que o pago do prezo dos bens a fornecer poderá consistir parte en diñeiro e parte na entrega do equipo usado, de conformidade co previsto no artigo 302 da Lei 9/2017, nas condicións ofertadas polo adxudicatario.

A entrega do ben usado pola Deputación implicará por si soa a baixa no inventario e o prezo que corresponda aos bens entregados será un elemento económico a valorar para a adxudicación do contrato e deberá consignarse expresamente polos empresarios nas súas ofertas.

2. Dispoñer que o referido contrato se adxudique mediante procedemento aberto con múltiples criterios de valoración.